

ACTA N 2019/28
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
11 DE XULLO DE 2019.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....	2
PUNTO SEGUNDO.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL NO CONCELLO DE AMES, EXERCICIOS 2017-2018.....	2

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XULLO DE 2019.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as trece horas (13:00 h) do día once (11) de xullo de dous mil dezanove (2019), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde, Luísa Feijóo Montero, José Blas García Piñeiro, Ana Belén Paz García, David Santomil Mosquera, e Genma Otero Uhía.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira Natividad de Jesús González Rodríguez.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a accidental da corporación, Concepción Vilas Cantelar.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da **sesión anterior, ordinaria, do 4 de xullo de 2019**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL NO CONCELLO DE AMES, EXERCICIOS 2017-2018.

Expediente: 2019/A002/000004

A Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2019 deu aprobación ás bases da Convocatoria de Subvencións para a promoción do comercio no Concello de Ames, exercicios 2017-2018. A convocatoria foi publicada no BOP número 61, do 29 de marzo de 2019, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

De acordo coas bases da convocatoria presentaron solicitude en prazo as seguintes asociacións:

ASOCIACIÓN	CIF	PRESIDENTE	DNI
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]
[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]	[REDACTED]

As solicitudes presentadas foron valoradas na reunión da Comisión Avaliadora de 3 de xullo de 2019.

Visto o informe-proposta subscrito pola concelleira delegada de Promoción económica e o axente de emprego e desenvolvemento local, de 3 xullo de 2019.

Vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 292/2019).

Cuarto.- Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto.- Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas e quince minutos estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar